

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Organización concello - réxime dedicacións

Por medio da presente publícase o presente acordo plenario de data 27.09.2019 para o seu xeral coñecemento e en cumprimento dos artigos 201.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

ASUNTO: ORGANIZACION CONCELLO 2019-2023: RÉXIME DEDICACIÓNS

EXPEDIENTE: 2019/X999/000147

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Logo da celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e procedéndose o día 13 de xuño de 2015 á constitución da nova Corporación Local resulta indispensable proceder ao establecemento do réxime de dedicación dos membros políticos desta Corporación, especialmente tendo en conta as delegacións efectuadas pola Alcaldía mediante Decreto así como o seu réxime de retribucións e indemnizacións.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral
- O Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo Publicación definitiva BOP N° 33 de 16-02-2012.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na nova redacción, dada á mesma pola Lei 11/1999, de 21 de abril, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos cales formen parte, incluídos os Organismos Autónomos.

SEGUNDA. A motivación das retribucións que vai percibir o Alcalde-Presidente baséanse na Orde do 14 de xaneiro de 2011 publicada no Dog de 21 de xaneiro de 2011, xa que é funcionario público e son retribucións que se axustarán en todo caso ao que deba de percibir coma tal, incluíndo os complementos e graos consolidados.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas, propón ao Pleno do Concello que previa deliberación e exame do expediente da súa razón proceda á adopción dos seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Establecer que os membros da Corporación que a continuación se relacionan exercerán os seus cargos en réxime de dedicación que se detalla, é dicir, con dedicación total ou parcial ás tarefas propias dos seus cargos:

Nome e cargo	Dedicación
- José Antonio Santiso Miramontes (Alcalde-Presidente)	Total

SEGUNDO.- Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas (12 de carácter mensual e 2 nos meses de xuño e decembro), e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou especial correspondente. Quedan excluídos os trienios aos que no seu caso ten dereito por tratarse dun funcionario de carreira e atoparse en situación de servizos especiais, tal e como sinala o artigo 75bis.1 da LBRL.

Nome e cargo	Retribucións anuais brutas
-José Antonio Santiso Miramontes (Alcalde-Presidente)	47.600 euros

A percepción destas retribucións será incompatible co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e con calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes, sen prexuízo das dietas e indemnizacións que lles poida corresponder pola súa asistencia aos Consellos de Administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas. Tamén será incompatible coas indemnizacións que se establezan no apartado seguinte.

TERCEIRO.- O presente acordo queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente e, no caso de que fose necesario, á aprobación das correspondentes modificacións orzamentarias.

CUARTO.- Tramitar a correspondente alta con efectos retroactivos á data de toma de posesión ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou entidade de xestión especial correspondente dos cargos electos que realizarán a súa función con dedicación exclusiva ou parcial.

QUINTO.- Notificar o presente acordo aos Portavoces dos diferentes Grupos Políticos Municipais e a todos os Concelleiros, facendo constar aqueles que foron designados para desenvolver o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, que se entenderá aceptado devandito réxime polo afectado, de non manifestar nada respecto diso dentro do prazo das 24 horas seguintes á súa notificación.

O que se publica aos efectos oportunos

Abegondo, 28 de xuño 2019

O ALCALDE- PRESIDENTE,

José Antonio Santiso Miramontes

2019/5316